



Comedeiros

Os comedeiros son utilizados para as épocas nas que o alimento debe ser suplementado con forraxes conservadas ou con concentrados. Estes comedeiros adoitan ser móbiles e teñen unha cuberta para protexer os alimentos.



Manga de manexo e corral

Elemento que se utiliza para realizar o saneamento gandeiro. Consta dunha estrutura de aceiro con dous valados e unha porta de entrada e outra de saída que se colocan formando un canal estreito polo que pasa o gando dun en un para levar a cabo os tratamentos veterinarios que sexa necesario aplicar ao gando.



Identificación dos animais

Todos os animais da explotación deben estar debidamente identificados e rexistrados no libro da explotación. Para iso son identificados cun crotal que se lles coloca ao nacer.



Código de país: ES

Código de control (2 díxitos)

Código Comunidade autónoma

Código de barras para lectura óptica

Número de identificación do animal (8 díxitos)

Observando o campo galego cando imos de excursión

Na vindeira excursión que fagas a unha zona rural ou de monte de Galicia, observa a túa contorna durante a viaxe e ao chegar a destino. Trata de atopar os seguintes elementos:

- Algunha especie de gando, como vacas, cabras, ovellas...
- O comedeiro o lugar onde pastan
- O bebedeiro o lugar onde beben a auga
- A nave ou almacén agrícola onde os gandeiros gardan os aperos
- Os crotales nas orellas do gando



Aula temática Pinzás

U7

O traballo día a día co gando, gandeiría extensiva



comunidade montes de pinzás





Gandeiría extensiva

A gandeiría extensiva é aquela na que a explotación dos animais se realiza coa disposición dunha base territorial con aproveitamento dos pastos ou prados para alimentar ao gando.

Normalmente son explotacións de especies autóctonas que están ben adaptadas ao medio no que viven.

As cargas gandeiras adoitan ser baixas.

Nas gandeirías extensivas para produción de carne podemos atopar dous tipos de animais:

Vaca nodriza

Femia da especie bovina que forma parte dun rebaño destinado á cría de xatos. Aliméntase de pastos procedentes da explotación ou en ocasións se complementa con forraxes conservados e con concentrados. Ás veces son necesarios aditivos ou correctores vitamínico-minerais para mellorar a saúde dos animais.

Xatos

Destinados a vacún de cebo para carne ou a formar parte do rebaño como vacas nodrizas. Aliméntase ata os 4 meses de idade casi exclusivamente de leite materno.

Que é a carga gandeira?

Número de unidades de gando maior (UGM) por hectárea de terreo



Instalacións e equipos necesarios para o bo funcionamento da explotación

➤ Peches gandeiros

Estes peches poden ser de malla ou de fíos, normalmente contan cun pastor eléctrico, serven para acotar as zonas nas que se quere que estea pastando o gando para facer un mellor aproveitamento das forraxes e para evitar que os animais axenos á explotación entren e poidan provocar algún dano.



➤ Bebedeiros

A auga é un elemento moi importante nas explotacións gandeiras. Os animais consomen unha cantidade de auga que vai de 2 a 3 veces a cantidade de materia seca ingerida. Os bebedeiros facilitan o acceso dos animais á auga, debéndose controlar en todo momento a calidade da mesma xa que pode ser a entrada de enfermidades á explotación.

